

XORNADA

AS CIENCIAS
ENSINAN A PENSAR:

RAZOAMENTO
CIENTÍFICO E
PENSAMENTO
CRÍTICO

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
22 DE XUÑO DE 2016



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

O obxectivo desta xornada é poñer de manifesto que a forma de traballar das ciencias inclúe o razoamento, a avaliación do coñecemento baseándose en probas (argumentación) e non en opinións subxectivas, e o desenvolvemento do pensamento crítico. Hoxe considérase que as prácticas científicas máis importantes son a elaboración de modelos, a avaliación de modelos e explicacións á luz das probas, e a investigación e experimentación. As ciencias experimentais teñen pois un importante papel, tanto historicamente como na actualidade, nesa forma de validar os coñecementos. Niso colaboran coas humanidades e a filosofía (que tamén ensinan a pensar mais non son as únicas). A xornada pretende facer explícito este papel das ciencias na crítica á pseudociencia, á publicidade enganosa ou a ideas, como o racismo, baseadas na ideoloxía e non nos datos científicos.

Contaremos con especialistas nesta liña de traballo. O doutor Christian Plantin é profesor de Ciencias da linguaxe, pioneiro nas investigacións arredor das interaccións entre razón e emoción no discurso argumentativo sobre cuestións científicas de relevancia social. A doutora Conxita Márquez, profesora na UAB e editora da revista *Enseñanza de las Ciencias*, estuda como promover a lectura crítica de textos científicos en secundaria, e como avaliar a fiabilidade da publicidade sobre cuestións de saúde e cosmética. De Galicia, a doutora María Pilar Jiménez Aleixandre dirixe un grupo de investigación sobre razoamento e pensamento crítico, con atención a cuestións como as ideas deterministas. Na mesa redonda participarán persoas con experiencia nas críticas á pseudociencia e no esforzo por promover unha imaxe adecuada das ciencias desde Galicia.

SESIÓN DA MAÑÁ

10:00 horas

Presentación

10:30 horas

*Aprendendo a ler criticamente a publicidade que apela á ciencia***Conxita Márquez Bargalló**, profesora da Universitat Autònoma de Barcelona

11:30 horas

Pausa

12:00 horas

*Razóns e emocións no discurso argumentativo***Christian Plantin**, profesor da Universidade de Lyon-2, ex-director de investigación no CNRS e lingüista

13:00 horas

Debate

SESIÓN DA TARDE

16:30 horas

*O desenvolvemento do pensamento crítico sobre cuestións científicas de incidencia social***María Pilar Jiménez Aleixandre**, profesora da Universidade de Santiago de Compostela

17:30 horas

MESA REDONDA

Experiencias de profesorado de secundaria de Galicia sobre o razoamento científico

Coordina:

Ánxela Bugallo, profesora da Universidade de A Coruña

Participan:

Juan Ramón Gallástegui Otero, profesor de Física e Química do CPI Viaño Pequeno, Trazo, A Coruña**Andrés Sanjuán**, profesor de Xenética da Universidade de Vigo**Manuel Vicente**, químico e xornalista, director de *Efervesciencia*, Radio Galega

ORGANIZA:

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SECCIÓN DE CIENCIA, NATUREZA E SOCIEDADE

COORDINACIÓN:

María Pilar Jiménez Aleixandre

LUGAR DE REALIZACIÓN:

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205
difusion@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

INSCRICIÓN:

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN:

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205